

Oferta Pública de servizos de RETEGAL para a Rede Corporativa de Comunicacións da Xunta de Galicia (RCXG)

Índice

1. Introducción	3
2. Relación de servizos ofertados	4
A. Circuitos sobre fibra óptica a 10G e 1G	4
B. Liñas especiais de fibra escura	4
C. Circuitos establecidos en diferentes tecnoloxías a velocidades inferiores a 1G	5
D. Servizos de aluguer de equipamento para sinais audiovisuais de CRTVG	6
3. Disponibilidade	7
4. Duración do contrato	7
5. Orzamento	7
6. Forma de pagamento	7
7. Acordos de Nivel de Servizo (ANS) e penalizacións por incumprimento	7
8. Servizo de albergamento adicionais alleos á presente Oferta Pública	8

1.- Introducción.

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL) é a sociedade mercantil pública autonómica, creada por Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, que ten por obxecto, entre outros, tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo dos títulos e habilitacións necesarios.

A sociedade ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernente á realización das actividades propias do seu obxecto social, articulándose como un instrumento da Administración galega que persigue contribuír a posicionar á Comunidade galega nun posto de referencia en canto á tecnoloxías da información e a comunicación apoiando, deste modo, o convencemento da Xunta de Galicia de que as políticas de impulso ás novas tecnoloxías e ao desenvolvemento da Sociedade da Información deben xogar un papel crucial no conxunto das políticas públicas.

Neste papel, Retegal ten entre os seus obxectivos fomentar a expansión das redes e servizos de telecomunicación na Comunidade Autónoma, en igualdade de oportunidades, evitando ser en todo momento un elemento distorsionador das condicións de mercado, e favorecendo a implantación de servizos públicos e institucionais, sen ánimo de lucro.

RETEGAL facilita acceso maiorista a todas as súas localizacións a aqueles operadores que o soliciten, mediante unha oferta de servizos de albergamento e transporte a prestar dende calquera das súas estacións ou puntos de cobertura ata puntos de intercambio de tráfico definidos de mutuo acordo. RETEGAL realiza esta actividade como “operador neutro”, é dicir, en igualdade de condicións para todos os operadores, séndolle de aplicación a Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.

Así, como consecuencia do concurso público licitado pola AMTEGA para a dotación de recursos de rede e infraestrutura á Rede Corporativa de Comunicacións da Xunta de Galicia (expediente denominado *Servizo de Rede de Telecomunicacións Corporativa da Xunta de Galicia*, con referencia *AMT-2021-0007*), que interconecta ás distintas unidades administrativas e centros dependentes da Xunta de Galicia e os seus organismos, e dado o carácter institucional dos servizos licitados, que non perseguen fins lucrativos, é polo que RETEGAL realiza esta Oferta Pública, coa finalidade de que os operadores interesados en presentar ofertas ao referido concurso, poidan acceder en igualdade de condicións ás infraestruturas e servizos de conexión que RETEGAL pode ofrecer coa capacidade excedente da súa rede de telecomunicacións.

Quede entendido que esta oferta de servizos realízase única e exclusivamente para o concurso publicado pola AMTEGA con referencia *AMT-2021-0007*, e que o importe ofertado pola totalidade dos servizos non debe ser tomado como baremo ou referencia para outros circuítos ou servizos diferentes dos contemplados no referido concurso.

2.- Relación de servizos ofertados

A Oferta Pública de RETEGAL fundaméntase en 4 aspectos:

A. Circuitos sobre fibra óptica a 10 Gigabitethernet cos Edificios Administrativos da Xunta de Galicia de Ferrol, Lugo, Monelos, Ourense, Pontevedra-Campolongo e Vigo, e a 1 Gigabitethernet para a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) e para a Rede Galega de Emerxencias.

IDENTIFICADOR	NEMÓNICO	SF	DEPENDENCIA	ENDEREZO	NÚCLEO	POBOACIÓN	C. POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	TECNOLOXIA	VELOCIDADE BAIKADA	VELOCIDADE SUBIDA	E_BACKUP	TIPO_SEDE
LD-000008278	TS4-TF1-TEG	SF150360054	EA DE FERROL	PRAZA CAMILO JOSÉ CELA, S/N			15403	FERROL	CORUÑA, A	ETHERNET	10G	10G	N	Tipo_0B
LD-0000010952	TS1-TL1-TEG	SF270280064	EA DE LUGO	ROLDA DA MURALLA, 70			27071	LUGO	LUGO	ETHERNET	10G	10G	N	Tipo_0B
LD-000008277	TS1-TC1-TEG	SF150300065	EA DE MONELOS	R/ VICENTE FERRER, 2			15071	CORUÑA (A)	CORUÑA, A	ETHERNET	10G	10G	N	Tipo_0B
LD-0000001389	TS4-TO1-TEG	SF320540040	EA DE OURENSE	AV DA HABANA, 79			32071	OURENSE	OURENSE	ETHERNET	10G	10G	N	Tipo_0B
LD-0000012283	TS4-TP1-TEG	SF360380040	EA DE PONTEVEDRA - CAMPOLONGO	AV MARÍA VICTORIA MORENO, 43			36003	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	ETHERNET	10G	10G	N	Tipo_0B
LD-0000001388	TS1-TV1-TEG	SF360570078	EA DE VIGO	PRAZA DA ESTRELA, S/N			36201	VIGO	PONTEVEDRA	ETHERNET	10G	10G	N	Tipo_0B
LD-0000017689	INTERNET-TVG	SF150780131	CRTVG	AV DE SAN MARCOS, 112A	SAN MARCOS	BANDO (SANTA EULALIA)	15820	SANTIAGO DE COMPOSTELA	CORUÑA, A	ETHERNET	1G	1G	N	Tipo_1A
LD-0000011438	PRS1-146E	SF150780189	REDE GALEGA DE EMERXENCIAS	AV DE SAN MARCOS, 112A	SAN MARCOS	BANDO (SANTA EULALIA)	15820	SANTIAGO DE COMPOSTELA	CORUÑA, A	ETHERNET	1G	1G	S	Tipo_1A
LD-0000010096	PRS1-146G	SF150780189	REDE GALEGA DE EMERXENCIAS	AV DE SAN MARCOS, 112A	SAN MARCOS	BANDO (SANTA EULALIA)	15820	SANTIAGO DE COMPOSTELA	CORUÑA, A	ETHERNET	1G	1G	N	Tipo_1A

Táboa 1. Relación de circuitos 10G e 1G sobre fibra óptica incluídos na presente Oferta Pública

B. Liñas especiais de fibra escura: 4 para conexión co Edificio Administrativo de San Caetano e 1 para conectar o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) co Edificio Administrativo de San Caetano.

OPERADOR	RUTA	SF ORIXE	DEPENDENCIA ORIXE	ENDEREZO ORIXE	CONCELLO ORIXE	CP ORIXE	PROVINCIA ORIXE	SF DESTINO	DEPENDENCIA DESTINO	ENDEREZO DESTINO	CONCELLO DESTINO	CP DESTINO	PROVINCIA DESTINO	Tecnoloxía
Retegal	Norte	SF150780071	EA SAN CAETANO	R/ OTERO PEDRAIO, 12	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15702	CORUÑA, A	SF150780113	CDC - CPDI	MT GAIAS, S/N - CIDADE DA CULTURA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15781	CORUÑA, A	Fibra escura
Retegal	Norte	SF150780071	EA SAN CAETANO	R/ OTERO PEDRAIO, 12	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15702	CORUÑA, A	SF150780113	CDC - CPDI	MT GAIAS, S/N - CIDADE DA CULTURA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15781	CORUÑA, A	Fibra escura
Retegal	Sur	SF150780071	EA SAN CAETANO	R/ OTERO PEDRAIO, 12	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15702	CORUÑA, A	SF150780113	CDC - CPDI	MT GAIAS, S/N - CIDADE DA CULTURA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15781	CORUÑA, A	Fibra escura
Retegal	Sur	SF150780071	EA SAN CAETANO	R/ OTERO PEDRAIO, 12	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15702	CORUÑA, A	SF150780113	CDC - CPDI	MT GAIAS, S/N - CIDADE DA CULTURA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15781	CORUÑA, A	Fibra escura
Retegal	CESGA2	SF150780114	CESGA	AV DE VIGO, S/N	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15705	CORUÑA, A	SF150780071	EA SAN CAETANO	R/ OTERO PEDRAIO, 12	SANTIAGO DE COMPOSTELA	15702	CORUÑA, A	Fibra escura

Táboa 2. Relación de liñas especiais de fibra escura incluídas na presente Oferta Pública

Para a prestación dos devanditos servizos, RETEGAL dispón dunha rede de fibra óptica de máis de oitocentos quilómetros de lonxitude, que une as principais cidades galegas, e que chega ás delegacións da Xunta de Galicia nas sete principais cidades. Coa finalidade de obter un mellor aproveitamento desta rede de fibra, RETEGAL implantou tecnoloxía DWDM sobre ela, dedicando en exclusiva unha lonxitude de onda para os circuitos obxecto da presente Oferta Pública.

As fibras que compoñen esta rede discorren por tramos aéreos e subterráneos segundo o caso, dispoñendo do número necesario de rexeneradores ópticos para garantir una óptima calidade do servizo.

A planificación e deseño desta rede, realizouse co obxectivo de conseguir altas disponibilidades de servizo, simplificando e reducindo os tempos de mantemento e reparación. Así, os equipos instalados son totalmente modulares (incluso a nivel de láser), dispoñen de fontes de alimentación redundante e son tanto eléctrica como mecanicamente redundantes. A especial facilidade para dispor de diversos interfaces lle confire unha grande flexibilidade en canto á configuración dos servizos que pode prestar.

C. Circuitos de radioenlace, ethernet e interconexión punto a punto a velocidades inferiores a 1 Gigabitethernet con outros centros e organismos da Xunta de Galicia: RETEGAL está en disposición de ofrecer, con carácter inmediato, circuitos de conexión cos centros e organismos da Xunta de Galicia que se inclúen na presente Oferta Pública.

Para a provisión destes circuitos, RETEGAL apóiase nos seus recursos de rede troncal, baseada en DWDM e MPLS sobre fibra, e de acceso, composta por radioenlaces de alta capacidade en banda licenciada, empregando distintas tecnoloxías (punto a punto, ethernet, acceso radio, TDM sobre IP con interface V.35, etc).

No caso dos circuitos das Bases Aéreas de Doade, Marroxo e Portomarín, do Posto de Vixilancia de Santa Cecía e do Reemisor IP-OFDM de Becerreá, a presente Oferta Pública cingúese ao seguinte alcance:

- Base Aérea de Doade: conexión á RCXG mediante circuito Ethernet a 10M dende a estación de RETEGAL de Meda (RTGA32009)
- Base Aérea de Marroxo: conexión á RCXG mediante circuito Ethernet a 10M dende a estación de RETEGAL de Monforte (RTGA27050)
- Base Aérea de Portomarín: conexión á RCXG mediante circuito Ethernet a 10M dende a estación de RETEGAL de Páramo (RTGA27007)
- Posto de Vixilancia de Santa Cecía: conexión á RCXG mediante circuito Ethernet a 10M dende a estación de RETEGAL de Padrón (RTGA15022)
- Reemisor IP-OFDM de Becerreá: conexión á RCXG mediante circuito Ethernet a 10M dende a estación de RETEGAL de Becerreá (RTGA27009)
- A maiores dos devanditos 5 circuitos de conexión á RCXG, a presente Oferta Pública inclúe servizos de albergamento en cada un dos seus emprazamentos (Meda, Monforte, Páramo, Padrón e Becerreá) co seguinte alcance:
 - Cesión de espazo en torre para 1 parábola de radioenlace de diámetro 0,6 m
 - En función da dispoñibilidade, cesión de espazo en caseta para 1 armario tipo mural ou POE's (dimensións aproximadas 600x450x300 mm), ou cesión de ata 8 unidades de rack en armario normalizado 19"

○ Subministro eléctrico en corrente alterna para un consumo de 50W/h

IDENTIFICADOR	NEMÓNICO	SF	DEPENDENCIA	ENDEREZO	NÚCLEO	POBOACIÓN	C. POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	TECNOLOXIA	VELOCIDADE BAIKADA	VELOCIDADE SUBIDA	E_BACKUP	TIPO_SEDE
LD-000008703	RF1X	SF150360054	EA DE FERROL	PRAZA CAMILO JOSÉ CELA, S/N			15403	FERROL	CORUÑA, A	PUNTO-A-PUNTO	2M	2M	N	Tipo_5
LD-000010043	RL1X	SF270280064	EA DE LUGO	ROLDA DA MURALLA, 70			27071	LUGO	LUGO	PUNTO-A-PUNTO	2M	2M	N	Tipo_5
LD-000006056	RC1X	SF150300065	EA DE MONELOS	R/ VICENTE FERRER, 2			15071	CORUÑA (A)	CORUÑA, A	PUNTO-A-PUNTO	2M	2M	N	Tipo_5
LD-000007379	RO1X	SF320540040	EA DE OURENSE	AV DA HABANA, 79			32071	OURENSE	OURENSE	PUNTO-A-PUNTO	2M	2M	N	Tipo_5
LD-000014074	RP1X	SF360380040	EA DE PONTEVEDRA - CAMPOLONGO	AV MARIA VICTORIA MORENO, 43			36003	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	PUNTO-A-PUNTO	2M	2M	N	Tipo_5
LD-000004771	RV1X	SF360570078	EA DE VIGO	PRAZA DA ESTRELA, S/N			36201	VIGO	PONTEVEDRA	PUNTO-A-PUNTO	2M	2M	N	Tipo_5
LD-000002693	RS5X	SF150780071	EA SAN CAETANO	R/ OTERO PEDRAIO, 12			15781	SANTIAGO DE COMPOSTELA	CORUÑA, A	PUNTO-A-PUNTO	2M	2M	N	Tipo_5
LD-000009590	XIS4V-5G	SF150780096	AXEGA	AV DE SAN MARCOS, 112A	SAN MARCOS	BANDO (SANTA EULALIA)	15820	SANTIAGO DE COMPOSTELA	CORUÑA, A	ETHERNET	100M	100M	N	Tipo_1A
LD-000012797	PE6P4V-13G	SF360610011	CIMA	LG PEDRAS	CORÓN	CALEIRO (SANTA MARIA P.)	36620	VILANOVA DE AROUSA	PONTEVEDRA	ETHERNET	20M	20M	N	Tipo_1B
LD-000003062	TVS4V-212G	SF150780131	CRTVG	AV DE SAN MARCOS, 112A	SAN MARCOS	BANDO (SANTA EULALIA)	15820	SANTIAGO DE COMPOSTELA	CORUÑA, A	ETHERNET	100M	100M	S	Tipo_1A
LD-000006608	EDS4-28G	SF150780040	MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA - MURPEGA	R/ SAN LÁZARO, 107			15707	SANTIAGO DE COMPOSTELA	CORUÑA, A	ETHERNET	100M	100M	N	Tipo_1B
LD-000004267	PES4V-242G	SF360600036	GARDACOSTAS / INTECMAR	INSTALACIÓNS PORTUARIAS	VILAXOÁN	SOBRÁN (SAN MARTÍN P.)	36611	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA	ETHERNET	10M	10M	N	Tipo_1B
LD-000008696	XI6P1V-240G	SF360170015	AXEGA	R/ DA CULTURA, S/N			36680	ESTRADA (A)	PONTEVEDRA	RADIOENLACE	100M	100M	S	Tipo_1B
LD-000002802	MRL4-122G	SF270590006	BASE AÉREA DE DOADE	LG MOURETÁN	MOURETÁN	DOADE (SAN MARTÍÑO)	27424	SOBER	LUGO	RADIOENLACE	2M	2M	N	Tipo_2
LD-000007431	MRL4-140G	SF270310016	BASE AÉREA DE MARROXO	MT O MARROXO	SANTA LUCÍA	GUNTÍN (SANTA LUCÍA)	27416	MONFORTE DE LEMOS	LUGO	RADIOENLACE	2M	2M	N	Tipo_2
LD-000003124	MRL4-194G	SF270490010	BASE AÉREA DE PORTOMARÍN	ESTRADA ALTO VALIÑO, S/N	O BARCO	PORTOMARÍN (SAN NICOLAO)	27170	PORTOMARÍN	LUGO	RADIOENLACE	2M	2M	N	Tipo_2
LD-000011588	MRS4-101G	SF150740007	POSTO DE VIXIL DE SANTA CECÍA	LG SANTA CECÍA	VILAR DE ABADE	SORRIBAS (SAN TOMÉ)	15980	ROIS	CORUÑA, A	RADIOENLACE	2M	2M	N	Tipo_2
LD-000002992	MAP1-29G	SF360150006	RADAR METEOROLÓXICO MONTE XESTEIRAS	MT XESTEIRAS	PORTELA	PORTELA (SANTA EULALIA P.)	36677	CUINTIS	PONTEVEDRA	RADIOENLACE	25M	25M	N	Tipo_2
LD-000004981	MRL4-48G	SF270060013	REFEMISOR IP OFDM DE BECERREÁ	LG O CEREIXAL	O CEREIXAL	CEREIXAL (O)(SAN XOSÉ)	27695	BECKERREÁ	LUGO	ETHERNET	10M	10M	N	Tipo_1B

Táboa 3. Relación de circuitos a distintas velocidades (100M, 25M, 20M, 10M e 2M) e con distintas tecnoloxías incluídas na presente Oferta Pública

D. Servizos de aluguer, con operación e mantemento incluídos, de equipamento para o transporte de sinais audiovisuais de Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG):

O servizo incluído na presente Oferta Pública comprende, en termos xerais, a provisión en réxime de aluguer de equipamento de codificación e decodificación, e transeptores a fibra óptica extremos, para o establecemento de 7 circuitos fixos de transporte de sinais audiovisuais de CRTVG, segundo a seguinte relación de equipamento:

- 5 codificadores e 5 decodificadores HD H.264 AVC da marca ATEME, modelos Kyrion CM5000 e Kyrion DR5000 respectivamente, para os enlaces de contribución do Plató 1000 e das 4 Delegacións de CRTVG de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo
- 2 parellas de transeptores de vídeo HD sobre fibra óptica, compostas cada unha delas por 2 HD-SDI/ÓPTICO e 2 ÓPTICO/HD-SDI, da marca Albalá Ingenieros, para os enlaces de contribución dos campos de fútbol de Balaídos e Riazor

O equipamento aportado para a prestación deste servizo é propiedade de RETEGAL, quen recuperará o referido equipamento tras o cesamento do servizo, e asumirá a instalación e mantemento posterior, así como a xestión efectiva das incidencias rexistradas para o referido equipamento.

O servizo non inclúe a provisión, nen o mantemento, dos circuítos de interconexión necesarios (fibras ópticas escuras adicadas para o caso dos campos de fútbol, circuítos ethernet extremo a extremo no resto), que deberán ser aportadas polo operador solicitante.

A presente Oferta Pública restrínxese ao alcance aquí considerado. A eventual posibilidade de incorporar calquera ampliación, xa fora de alcance, prestacións ou de tecnoloxía (UHD), que implicase ter que renovar o equipamento HD H.264 AVC deberá ser negociado aparte.

3.- Disponibilidade.

A dispoñibilidade dos circuítos de conexión e servizos de albergamento obxecto da presente Oferta Pública será **inmediata** unha vez formalizado o contrato correspondente.

4.- Duración do contrato.

A presente Oferta Pública está condicionada a unha **duración mínima do contrato de 3 anos**, en consonancia cos requirimentos do concurso público publicado pola AMTEGA, prorrogándose automaticamente nas mesmas condicións no caso de que tamén o faga o contrato do operador coa AMTEGA.

5.- Orzamento.

O custe anual total para a prestación global e íntegra dos servizos recollidos na presente Oferta Pública é de **TRESCENTOS TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS SETENTA E UN EUROS E VINTECINCO CÉNTIMOS DE EURO (333.371,25 €)**. A referida cantidade non inclúe IVE nin outros impostos que puideran resultar de aplicación.

RETEGAL non asumirá ningún custe derivado da presentación de Ofertas ante a AMTEGA. Enténdense incluídos na cantidade anterior os custes de instalación e activación dos servizos e circuítos incluídos na presente Oferta Pública.

6.- Forma de Pagamento.

As establecidas para o adxudicatario do concurso en consonancia co establecido prego de condicións administrativas particulares do concurso público convocado pola AMTEGA.

7.- Acordos de Nivel de Servizo (ANS) e penalizacións.

RETEGAL asumirá os acordos de nivel de servizo e penalizacións recollidos nos pregos do concurso convocado pola AMTEGA para a rede corporativa de Comunicacions da Xunta de Galicia en solidariedade co operador contratante dos servizos recollidos na presente Oferta Pública.

No caso de incumprimento dos índices de indispoñibilidade establecidos, RETEGAL asumirá as penalizacións por incumprimento que o operador deba aboar ao cliente final, se estas son

causadas por fallos no servizo prestado por RETEGAL, proporcionalmente ao importe que RETEGAL factura ao operador polo servizo que motiva a penalización.

Así mesmo, no caso de incumprimento dun índice anual, facilitará os circuítos alternativos necesarios para garantir a continuidade do servizo en anos sucesivos naqueles casos nos que dispoña de fibras ópticas por camiños alternativos.

RETEGAL contará cun servizo de recepción de comunicacións de avarías dispoñible as vinte e catro (24) horas do día todos os días do ano, establecendo un procedemento de comunicación de incidencias entre ambas as partes, operador e RETEGAL.

Ademais da comunicación de incidencias, reclamacións e comunicación das causas de fallos e avarías, neste procedemento tamén se fixaran as normas para a solicitude e tramitación de autorizacións de acceso ás infraestruturas obxecto de servizos de albergamento.

8.- Servizos de albergamento adicionais alleos á presente Oferta Pública.

A maiores, e fóra do alcance plantexado no apartado 2 da presente Oferta Pública, RETEGAL pon a disposición de calquera operador a totalidade das súas infraestruturas.

RETEGAL dispón dunha ampla rede de infraestruturas de telecomunicacións, composta por máis de 290 emprazamentos distribuídos por todo o territorio galego, dos cales 34 están interconectados mediante fibra óptica e contan subministro eléctrico protexido por grupo electrógeno, susceptible de ser empregada como apoio no desenvolvemento de novas redes, ou onde se faga necesaria a aplicación de tecnoloxías de conexión e/ou acceso radio.

RETEGAL ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernente á realización das actividades propias do seu obxecto social. Así mesmo, RETEGAL facilita acceso maiorista a todas as súas localizacións a aqueles operadores que o soliciten e, entre os seus obxectivos, está fomentar a expansión das redes e servizos de telecomunicación na Comunidade Autónoma como “operador neutro”, en igualdade de oportunidades e condicións para todos os operadores.

RETEGAL está en condicións de facilitar espazo en calquera das súas infraestruturas para a colocación física dos equipos dos operadores solicitantes de albergamento, especialmente nos emprazamentos que resulten precisos para a prestación dos servizos de conexión radio de acceso extremo a extremo incluídos no Anexo III do Prego de Prescricións Técnicas do Lote 1 do concurso público convocado pola AMTEGA.

O servizo de albergamento comprende, en termos xerais, a provisión de acceso ao punto de enerxía en corrente alterna, cesión de espazo en torre e no interior das casetas e/ou parcelas, e condicións de seguridade e acondicionamento necesarios para a instalación dos equipos, incluíndo a xestión efectiva das incidencias de infraestrutura que poidan afectar aos servizos do solicitante de albergamento, así como a xestión:

- dos accesos do personal acreditado para labores de instalación, operación e mantemento. Os centros de **RETEGAL** están dotados de mecanismos e elementos de supervisión para o control de acceso en tempo real, así como de sistema de chave electrónica
- das incidencias e traballos programados sobre as infraestruturas que poidan afectar aos servizos prestados por **RETEGAL**.

Como norma xeral, o alcance definido para cada emprazamento solicitado rexeráse por:

- cesión de espazo en interior de caseta ou parcela, segundo o caso, equivalente a:
 - minirack mural ou POE's, para un armario tipo mural de ata 8 unidades de rack de altura, de dimensións aproximadas 600x450x300 (mm)
 - pegada de rack, para armario estándar de ata 40 unidades de rack de altura, de dimensións aproximadas 2000x600x600 (mm)
- cesión de espazo en torre para parábolas de enlace radio ou antenas, segundo o número e dimensións declaradas polo solicitante
- acceso ao punto de enerxía en corrente alterna, segundo a demanda de consumo máximo declarado, podendo ser protexida por grupo electrógeno nalgúns centros

Correrá por conta do operador solicitante o subministro, instalación e posta en servizo do equipamento da súa propiedade, asumindo tamén a súa operación e mantemento posterior, e a súa desmontaxe ao remate da prestación do servizo. Tamén será responsabilidade súa contar cos permisos e licenzas que foran de aplicación para o desenvolvemento da actividade e prestación do servizo, asumindo ao seu cargo as taxas correspondentes.

As instalacións e traballos de mantemento nas torres e infraestruturas de **RETEGAL** deberán de cumprir coa lexislación vixente, e a normativa interna de **RETEGAL** en materia de Prevención de Riscos Laborais.

RETEGAL pon a disposición de calquera operador a totalidade das súas infraestruturas, que están publicadas na súa WEB: <http://www.retegal.gal>, sempre supeditado á obtención de informe técnico favorable para os estudos de viabilidade previa, e de refórmulo in situ previo á instalación, emitidos en función do alcance plantexado para cada emprazamento polo operador solicitante. Calquera dúbida, consulta ou cuestión, pode ser cursada a través da dirección de correo electrónico: retegal@retegal.gal

Para os servizos de albergamento e acceso ao punto de enerxía serán de aplicación as tarifas unitarias oficiais de RETEGAL que se resumen na táboa seguinte (**importes expresados en €/ano sen IVE e referidos ao ano 2020, que serán revisados o primeiro día de cada ano coa variación do IPC do ano anterior**):

TARIFAS UNITARIAS DE COUBICACIÓN	
CONCEPTO	CUSTO (€/ano 2020 sen IVE)
Tarifa básica	778,51
ESPAZO EN CASETA OU EN PARCELA	
Rack en planta	1.017,66
Mini rack Mural ou POE's	254,41
ACCESO A PUNTO DE ENERXÍA	
CONCEPTO	CUSTO (€/ano 2020 sen IVE)
Vca (Término de Potencia - TP por KW)	
Sen protección por grupo electróxico	255,07
Con protección por grupo electróxico	451,28
Vca (Término de Enerxía - TE por KW/h)	1.153,27
ESPAZO EN TORRE	
CONCEPTO	CUSTO (€/ano 2020 sen IVE)
Antena yagui ou látego (L(m)<1,5)	403,00
Antena mediana (1,5 < L(m) < 3)	540,38
Antena (L(m) > 3)	806,39
Antena plana superficie =< 0,1 m2.	164,86
Antena plana 0,1 m2.< Sup.=<0,20m2	343,35
Parábola 60 cm.	412,15
Parábola 80 cm.	531,22
Parábola 100 cm.	759,22
Parábola 1,2 ≤ D(m) < 2	1.074,66
Parábola 2 ≤ D(m) < 3	2.353,57
OUTROS CONCEPTOS	
CONCEPTO	CUSTO (€/ano 2020 sen IVE)
Cota instalación inicial (primeiro ano)	714,90
Visita Instalación (non programada).	138,05

Santiago de Compostela, a 9 de decembro de 2020

Aplicación de oferta condicionada á eventual aprobación final por parte do Consello de Administración de RETEGAL.